

CAMPIONATO ZONAL DE CAMPO A TRAVÉS 2022/23

O Servizo Provincial de Deportes de A Coruña da Xunta de Galicia, a Agrupación Deportiva Escolar Escolarix, a Federación Galega de Atletismo e o Concello da Baña, organizan o Campionato Zonal da modalidade **CAMPO A TRAVÉS** do programa XOGADE o venres 2 de decembro no circuito do pavillón municipal de A Baña.

NORMATIVA:

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os colexios, clubes, ANPAS e asociacións da zona, que cumpran os requisitos de mutualización no programa XOGADE e que fagan a súa inscrición nesta proba.

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro (benxamín, alevín e infantil), ou os tres mellor clasificados/as (na categoría cadete).

Non se poderán completar os equipos con atletas de categorías inferiores.

Todos os aspectos non recollidos nesta normativa e na normativa específica de Campo a Través da Secretaría Xeral para o Deporte, serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo Provincial de Deporte da Coruña.

CATEGORÍAS

Benxamín feminina e masculina:	nadas/os nos anos 2015 e 2014.
Alevín feminina e masculina:	nadas/os nos anos 2013 e 2012.
Infantil feminina e masculina:	nadas/os nos anos 2011 e 2010.
Cadete feminina e masculina:	nadas/os nos anos 2009 e 2008.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes neste Campionato zonal de Campo a Través Escolar rematará o **luns 28 de novembro de 2022**, e farase utilizando as follas de inscrición proporcionadas pola agrupación de portiva escolar (modelo excel).

Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Unha vez feita a inscrición non se admitirán cambios entre atletas de dous equipos da mesma entidade.

DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización ate 30 minutos antes do comezo da proba. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados pola organización.

Sería conveniente que os dorsais se asegurasen con imperdibles. A organización non proporcionará os mesmos.

LUGAR E DATA

Circuito pavillón municipal de A Baña. Venres 02 de decembro do 2022.

HORARIO

Entrega de dorsais: a partir das 10 horas.

HORARIOS, CIRCUÍTOS E DISTANCIAS DAS PROBAS FIGURAN NOS ARQUIVOS REMITIDOS POLA AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR.

PREMIOS

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 3/4 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.